

Francisco Castro: «Hai outra masculinidade posible, menos testosterónica, máis lóxica e racional»

[X. Fraga](#) Redacción / La Voz [Vigo](#)

16 novembro 2021

https://www.lavozdegalicia.es/noticia/vigo/vigo/2021/11/16/span-langglhai-outra-masculinidade-posible-testosteronica-mais-racionalspan/0003_202111G16P31991.htm

O cemiterio de barcos (Galaxia) é a vixésima obra que publica Francisco Castro (Vigo, 1966), unha novela xuvenil que combina amores adolescentes, segredos familiares e a dupla denuncia das relacións tóxicas e unha corrupción derivada do franquismo.

—Na trama esas dúas denuncias mesturan a corrupción e un atentado ecoloxista, xunto cunha relación tóxica e machista: é interesante ver a relación entre a orixe individual dun mal e a súa expresión colectiva?

—Si, claro, todo está relacionado. O machismo e o antiecoloxismo son doados de maxinar nunha mesma persoa. A novela quere ser unha denuncia de moitas cousas pero sobre todo diso que dis. Acaba de rematar o Cumio do Clima e coa idea que nos quedamos é con que non vai pasar nada, que todo seguirá igual, que xa veremos máis adiante se facemos algo. É a lóxica capitalista. Entre os cartos e o verde, sempre gañan os cartos, será porque moitos billetes son verdes. E logo está a denuncia das relacións tóxicas, dese «mal amor» na que moita rapazada segue caendo ano tras ano. Súmalle a iso eses datos que din que case que o 15 % dos rapaces consideran que o feminismo é un invento para amolar aos homes, e as non poucas rapazas que consideran que a violencia de xénero é un invento, e xa tes un cóctel molotov social tremebundo.

—Esa parte da relación de sometemento machista está contada dende o diario da vítima: que che permitía ese punto de vista?

—O diario da vítima permitíame, sen mesturalo coa trama principal, saber dos pensamentos da rapaza vítima da violencia tóxica á que a ten sometida o seu mozo. Mais serve, sobre todo, para ver como lle vai cambiando a cabeza a medida que toma conciencia do que lle están facendo. O libro pretende amosar outra masculinidade posible, outro xeito de ser homes, menos testosterónicos, máis lóxicos e racionais. É un libro que defende unha mirada feminista sobre a realidade.

—Non revelamos nada substancial se citamos aquí que unha das tramas ten a súa orixe última na Guerra Civil, algo que está presente noutros libros seus....

—Si. É un tema que leva saíndo sempre e que sairá. Supoño que ten moito que ver o feito de que non pechamos ben esa parte da nosa historia e que incluso hai quen a reivindica ou pretende transformar noutra cousa. Preocúpame o revisionismo que a ultradereita está facendo, esa tentativa por reescribir a historia. Preocúpame que esta sociedade non sexa consciente de que aquí houbo unha ditadura criminal. Preocúpame o descoñecemento total que a mocidade ten do pasado do noso país. Haberá, pois, que seguir escribindo sobre isto. A literatura ten que cumprir tamén esa función pedagóxica.

—Outra lectura deste libro é cualificalo como unha historia de amor, que os protagonistas viven na adolescencia, quizais o momento vital no que un episodio así afecta de forma máis fonda, non?

—Sen dúbida. Eu son máis fillo da adolescencia que de calquera outro período da miña vida. Para min foi máis importante o meu paso polo instituto da Guía, en Vigo, nos 80, que por Santiago durante a carreira. Os neuropsicólogos din que nos facemos entre os 0 e os 6 anos. Eu diría máis ben que nos facemos na adolescencia, cando todo é salvaxemente intenso. Aí é onde nos atopamos por vez primeira con nós mesmos.

—Como aconteceu no libro anterior, sae nas catro linguas: que supón isto para un autor galego?

—Si, é o terceiro libro que sae así. Coido que é un síntoma, ou debería ser, de normalidade. No meu caso entendo que os meus editores noutras linguas están ben satisfeitos co resultado comercial dos outros, por iso me conceden esa nova oportunidade. Nun plano máis xeral, diría que é a constatación da calidade da nosa literatura, e non o digo por min, ollo, senón porque cada vez somos máis as autoras e autores traducidos.

—É a súa vixésima obra: que balance faría da súa traxectoria?

—En liñas xerais estou satisfeito. Pero o éxito é ser quen de escribir a seguinte.